



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Patoloxía Podolóxica 2	Código	750G02022	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rosende Bautista, Carolina	Correo electrónico	carolina.rosende@udc.es	
Profesorado	Pérez García, Sergio Rosende Bautista, Carolina	Correo electrónico	sergio.perez.garcia@udc.es carolina.rosende@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>A Materia Patoloxía Podolóxica 2, enmárcase dentro do módulo 4 do Plan de estudos de Grao en Podoloxía. Trátase dunha materia do 1º cuatrimestre do 3º curso e nela desenvolveranse coñecementos relacionados cos procesos patolóxicos sistémicos e específicos do pé con relevancia podolóxica. Revisaranse as principais características fisiolóxicas e patolóxicas na idade infantil así como na idade xerátrica.</p> <p>A abordaxe do estudo as diferentes patologías e afeccións realizarase desde o punto de vista clínico e funcional, integrándose deste xeito o estudo da semioloxía das patologías podolóxicas e as manobras de exploración física así como o uso e interpretación de probas complementarias nos diferentes procesos patolóxicos do pé do ancián e do infante.</p> <p>Os contidos que se impartirán nesta materia son: Procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica. Cambios fisiolóxicos da extremidade inferior e características da marcha nas diferentes etapas de crecemento. Patoloxía podolóxica infantil. Deformidades conxénitas. Asimetrías. Enfermedades raras e a súa repercusión no pé. Fisiopatoloxía do envellecemento músculo-esquelético. Características da marcha do ancián. Patoloxía podolóxica no ancián</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
O estudante coñece e identifica os procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica, pé de risco e os parámetros clínicos patolóxicos das afeccións estruturais e funcionais do aparello locomotor en decúbito, bipedestación estática e dinámica.	A19	B1 B3 B5	C1 C2 C3 C4 C7
O estudante coñece a fisiopatoloxía do envellecemento músculo-esquelético e as principais patoloxías podolóxicas no adulto maior así como as características propias da marcha neste grupo.	A19	B1 B9 B18	C2 C3
O estudante coñece o desenvolvemento e os cambios fisiolóxicos da extremidade inferior así como as características da marcha nas diferentes etapas do crecemento.	A19	B1 B9 B18	C2 C3
O estudante coñece e identifica as patoloxías do membro inferior características da etapa infantil que inflúen no pé e a marcha e as pautas xerais de tratamento, así como coñece e identifica as principais enfermidades congénitas que poden afectar ao pé e o concepto de enfermidade rara e a actuación ante as mesmas.	A19	B1 B3 B5 B7	C1 C3



Contidos	
Temas	Subtemas
Fisiopatoloxía do envellecemento músculo-esquelético. Características da marcha do ancián	Tema 1: Epidemioloxía das lesións nos pés na poboación Xeriátrica. Tema 2: Fisiopatoloxía do envellecemento. Alteracións máis frecuentes nos pés na poboación Xeriátrica. Tema 3: Características da marcha xeriátrica.
Patoloxía Podolóxica no ancián.	Tema 4: Alteracións do 1º Radio e 1ª articulación metatarsal. Tema 5: Patoloxía dígito-metatarsal. Tema 6: Metatarsalxia no adulto maior. Tipos. Causas. Patoloxía dos sesamoideos. Tema 7: Patoloxía de retropie: Disfunción do Tibial Posterior. Talaxias no adulto maior. Síndrome dolorosa no talón. Pé cavo doloroso, síndrome do túnel do tarso e síndrome do seo do tarso.
Procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica.	Tema 8: A Gota. Artrite Gotosa Tema 9: Artrose xeneralizada. Tema 10: Artrite Reumatoide. Outros tipos de Artrites. Tema 11: Alteracións vasculares e neurolóxicas: centrais (ACV, Parkinson) e periféricas
Cambios fisiolóxicos da extremidade inferior e características da marcha nas diferentes etapas de crecemento	Tema 12: Características especiais da atención ao paciente pediátrico. Tema 13: Embrioloxía e desenvolvemento da extremidade inferior. Tema 14: Características da marcha nas diferentes etapas do crecemento.
Deformidades congénitas. Asimetrías. Enfermidades raras e a súa repercusión no pé	Tema 15: Malformacións por defecto/exceso Tema 16: Malformacións Morfoestructurais Tema 17: Enfermidades Raras
Patoloxía podolóxica infantil.	Tema 18: alteracións do crecemento e a postura Tema 19: alteracións de cadeira e xeonllo Tema 20: alteracións do pé Tema 21: alteracións neurolóxicas centrais e periféricas Tema 22: Alteracións reumatolóxicas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A19 B1 B3 B5 C3	10	20	30
Seminario	A19 B7 B18 C1 C4 C7	10	15	25
Proba mixta	A19 B3 C3	2	29	31
Sesión maxistral	A19 B1 B3 B9 C2	21	42	63
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Descríbanse diferentes situacións clínicas, facilitandolle aos estudantes datos da anamnesis, motivos de consulta, datos da exploración física imaxes e probas complementarias. Ante estes datos cada grupo de estudantes deben realizar un diagnóstico xustificable e razoado da patoloxía do paciente e propor un plan integral de tratamento.
Seminario	Mediante o desenvolvemento de diferentes actividades en grupo desenvólvanse e profundázanse en diferentes contidos da materia.



Proba mixta	Realizarase un exame de proba obxectiva con 70 preguntas, para superar a materia debe alcanzarse nesta proba unha cualificación de 35 puntos.
Sesión maxistral	As sesións maxistrais desenvolveranse como clases expositivas-participativas durante as cales se exporán os contidos básicos da materia, con apoio de imaxes, vídeo, etc. As sesións maxistrais centraranse nos contidos principais do temario. A través da plataforma MOODLE( <a href="https://campusvirtual.udc.es/moodle/">https://campusvirtual.udc.es/moodle/</a> )ofreceranse materiais escritos cos contidos BASICOS do temario.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	A atención personalizada desenvolverase de forma programada nos horarios do profes@r de atención ao estudante, esta atención poderá desenvolverse de forma virtual ou presencial.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A19 B1 B3 B5 C3	<p>Cada grupo de traballo entregará un dossier sobre os casos traballados, a argumentación do diagnóstico e o plan de tratamento. Establecerase durante a planificación do curso a data de entrega dos devanditos dossiers.(valor 5). Só se puntuará o traballo dos casos traballados cando o estudante asista ao 80% das sesións presenciais, con excepción dos estudantes de matrícula parcial aos que se lles indicará os casos que deben traballar e a data de entrega.</p> <p>O día do exame final oficial da materia incluíranse dous casos clínicos no que cada estudante debe resolver de forma individual un caso .(valor 15).</p> <p>O estudante debe alcanzar polo menos a metade da puntuación en cada unha das partes.</p> <p>Na convocatoria de Xullo se o estudante non alcanzou a puntuación deberá obter na proba de casos clínicos o 90% da puntuacion (13,5 puntos sobre 15)</p>	20
Seminario	A19 B7 B18 C1 C4 C7	<p>As actividades relacionadas cos seminarios é obrigatorio asistir ao 80% das sesións presenciais e non se poden recuperar ou substituír por outras actividades da materia; con excepción dos estudantes de matrícula parcial para os que se programasen actividades específicas cando se presente a situación.</p> <p>Realizaranse 4 actividades (en grupo ou individuais)con cualificacións de 2.5 puntos cada actividade.</p> <p>Para aprobar a materia é necesario sumar polo menos 5 puntos dos seminarios.</p> <p>Na convocatoria de Xullo no caso de que o estudante non asistise aos seminarios deberá responder a 2 preguntas que teran un valor de 10 puntos e alcanzar nas mesmas polo menos un 80% da puntuación outorgada ás mesmas.</p>	10
Proba mixta	A19 B3 C3	Realizarase un exame de proba obxectiva con 70 preguntas, para superar a materia debe alcanzarse nesta proba unha cualificación de 35 puntos.	70

### Observacións avaliación



As cualificacións dos estudos de casos e os seminarios só computarán na cualificación final se se supera o 50% da cualificación da proba mixta. No caso de non se presentar ou non superar a proba mixta na primeira oportunidade, as cualificacións dos estudos de casos e os seminarios computarán na segunda oportunidade se se supera o 50% da cualificación da proba mixta. As cualificacións de estudos de casos e seminarios unha vez superadas poderán conservarse, previa solicitude do estudante, durante 1 curso académico. Nas seguintes matriculas os estudantes deberán cursar obrigatoriamente todas as actividades. A cualificación de No Presentado outorgarase no caso de que non se presente á proba mixta. A cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente aos estudantes que obteñan un 10 na cualificación media da materia. De darse o caso de que haxa máis estudantes con esa cualificación que matrículas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocarase a todos os estudantes para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba mixta, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/ás. En caso de non existir ningún estudante con cualificación de 10, todos os estudantes que obteñan unha cualificación media superior a 9.0 requisito básico para optar á matrícula de honra, poderá optar á matrícula de honra logo de solicitude ao profes@r e mediante a superación da proba anteriormente descrita. No caso de que non existan solicitudes expresas de opción a matrícula, o profesor resérvase a potestade de outorgalas naqueles casos que, cumprindo o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia. Estudantes en matrícula parcial: Os estudantes en matrícula parcial deben de comunicalo obrigatoriamente ao profes@r responsable da materia ao inicio do curso (1ª semana). Para este alumnado a cualificación dos seminarios e os estudos de casos pode obterse mediante a realización de traballos dirixidos que o estudante realizará de forma autónoma. Oportunidade adiantada de avaliación: Os estudantes que se encontren nos supostos recollidos na normativa de xestión académica da UDC dispoñerán desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá un peso do 100% da cualificación final

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A. DIMEGLIO (1999). ORTOPEDIA INFANTIL COTIDIANA. Barcelona: Masson</li> <li>- Tachdjian (1999). Ortopedia Clínica Pediátrica. Madrid: Panamericana</li> <li>- Drenann (2010). The child's Foot &amp; Ankle. Philadelphia: Wolters Kluwer</li> <li>- Minguella (2003). Malformaciones del Pie. Barcelona: Masson</li> <li>- Thomson &amp; Volpe (2001). Introduction to podopediatrics. London: Churchill livingstone</li> <li>- Angela M Evans (2010). The Pocket Podiatry Guide. Paediatrics. London: Churchill Livingstone</li> <li>- Menz Hylton. "Foot Problems in older people". 1ª Edición. 2008. Churchill Livingston. Elsevier.- Herbaux Isabelle et al. "Podología Geriátrica". 1ª Edición. 2007. Ed. Paidotribo.- Banks Alan, et al. "McGlamry's comprehensive textbook of foot and ankle surgery". Philadelphia: Lippincott Williams &amp; Wilkins 2001.- Munuera Martínez P. "El primer radio: biomecánica y ortopodología". Santander. Ed Exa. 2009.- Harrison. "Principios de Medicina Interna". 17ª Edición. 2009. Ed. Mc Graw-Hill Interamericana Editores.</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	- Revista Internacional de Ciencias Podológicas - Journal of the American Podiatric Association (JAPMA).

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001  
 Anatomía específica do membro inferior/750G02002  
 Fisioloxía xeral/750G02003  
 Fisioloxía de sistemas/750G02004  
 Patoloxía xeral/750G02008  
 Biomecánica do membro inferior/750G02013  
 Ortopodoloxía 1/750G02017  
 Ortopodoloxía 2/750G02018  
 Patoloxía Podolóxica 1/750G02021

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Podoloxía Preventiva/750G02015  
 Dermatoloxía/750G02026

### Materias que continúan o temario



Prácticum 2/750G02034

Prácticum 3/750G02035

## Observacións

Na primeira clase do curso, estableceranse os grupos de traballo de seminarios e casos clínicos para configurar o cronograma, polo que é básico asistir a esa primeira clase da materia, aqueles alumnos que non asistan a esa primeira sesión serán incluídos nos grupos de forma arbitraria para conseguir o equilibrio numérico entre estes. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase entregaranse en formato dixital e en papel sen empregar plásticos, con impresións a dobre cara, empregando papel reciclado e evitando a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías